



Hoxe publícase no DOG a [RESOLUCIÓN do 23 de abril de 2019 pola que se fan públicos o lugar e a data de realización dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de enfermeiro/a, convocado mediante a Resolución do 1 de marzo de 2018.](#)

Data: **12 de maio de 2019.**

Hora: **15.30 horas.**

Lugar: **Recinto da Feira Internacional de Galicia, avenida Recinto Feiral, s/n, Silleda (Pontevedra).**

O Servizo Galego de Saúde permitirá ás mulleres embarazadas ou que desen a luz, e por estes motivos estean ingresadas no mesmo día do exame, realizar os distintos exercicios da fase de oposición derivados deste proceso selectivo.

As opositoras xestantes deberán por en coñecemento da Dirección Xeral de Recursos Humanos, cunha antelación mínima de 72 horas á data de realización do exame, a situación de embarazo e a súa vontade de realizar a proba no centro sanitario para o suposto de estar ingresadas na data da súa realización.

Unicamente serán atendidas as solicitudes de desprazamento a centro sanitario pola causa

exposta que consten debidamente xustificadas na Dirección Xeral de Recursos Humanos cunha antelación mínima de cinco horas á publicada no Diario Oficial de Galicia como hora de inicio das probas.

Para os efectos desta base, só se admitirá como medio válido de comunicación o seguinte enderezo de correo electrónico: **oposicions@sergas.es**